



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 23/03/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 23/03/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 9/03/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 9/03/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

##### 2.1) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### A) EXPEDIENTE: 2023/U026/000018

Visto o escrito co número 2023/000/00000334 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 15/02/2023, presentado por María del Buen Suceso Lago González, de comunicación previa de obras consistentes na colocación de pedra o redor das fiestras e porta existentes nunha vivanda, (Referencia Catastral número 8606612MH7580N0001IT).

Vista a acta de comprobación documental de data 23/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2023/000/00000175 (RS) de 24/02/2023, diríxese oficio á Consellería á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2023/000/00000176 (RS) de 24/02/2023, diríxese oficio a María del Buen Suceso Lago González, á que se lle comunica que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se reciba a autorización correspondente solicitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Considerando que, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe con data 15/03/2023 indicando que non é preciso autorización previa para as obras que se pretenden executar.

Vista a acta de comprobación documental de data 20/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARÍA DEL BUEN SUCESO LAGO GONZÁLEZ, o título habilitante para a realización das obras consistentes na colocación de pedra o redor das fiestras e porta existentes nunha vivanda, (Referencia Catastral número 8606612MH7580N0001IT).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### B) EXPEDIENTE: 2023/U026/000020



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o escrito co número 2023/000/00000370 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 22/02/2023, presentado por Antonio Vilar Estévez, de comunicación previa de obras consistentes na limpeza da cuberta, substitución de pezas do cuarto de baño e reforma da cociña dunha edificación (Referencia Catastral número 8606105MH7580N0001ZT).

Vista a acta de comprobación documental de data 1/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2023/000/00000194 (RS) de 13/03/2023, diríxese oficio A Antonio Emilio Vilar Estévez, ó que se lle comunica que se paralizan os prazos deste expediente mentres no presente a documentación requirida.

Considerando que Antonio Emilio Vilar Estévez, número 2023/000/00000567 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 15/03/2023, presenta a documentación que lle foi requirida.

Vista a acta de comprobación documental de data 20/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Antonio Vilar Estévez, o título habilitante para a realización das obras consistentes na limpeza da cuberta, substitución de pezas do cuarto de baño e reforma da cociña dunha edificación (Referencia Catastral número 8606105MH7580N0001ZT).

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **C) EXPEDIENTE: 2023/U026/000029**

Visto o escrito co número 2023/000/00000507 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 9/03/2023, presentado por Feliciano Lestón Marcote, de comunicación previa de obras consistentes na substitución da tella deteriorada e colocación de nova tella nunha edificación existente, (Referencia Catastral número 1047101MH8514N0001KA).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Vista a acta de comprobación documental de data 16/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Feliciano Lestón Marcote, de comunicación previa de obras consistentes na substitución da tella deteriorada e colocación de nova tella nunha edificación existente, (Referencia Catastral número 1047101MH8514N0001KA)).

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## **2.2) DECLARACION DE INEFICACIA DE COMUNICACIONES PREVIAS**

### **A) EXPEDIENTE: 2023/U026/000033**

Visto o escrito co número 2023/000/00000527 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 13/03/2023, presentado por Francisco Boulosa Marcote, de comunicación previa de obras consistentes na instalación dun galiñeiro de 3 x 3,5 metros de bloques, (Referencia Catastral número 15038A032013810000FQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 13/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara que a parcela atópase no ámbito afectado polo Plan de Ordenación do Litoral, aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, dentro da área de Protección Costeira, que considera segundo o indicado polo artigo, 54, o uso solicitado como incompatible.

Ademais a documentación achegada non xustifica adecuadamente a totalidade dos requisitos establecidos no artigo 39 da LSG e 60 a 62 da RL.SG sen excepción algunha ao seu cumprimento e tendo en conta o sinalado no artigo 50.1.g) e h) do RL.SG; , polo que a comunicación previa non cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada co número 2023/000/00000527 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 13/03/2023, presentado por Francisco Boulosa Marcote, de obras consistentes na instalación dun galiñeiro de 3x3,5 metros de bloques, (Referencia Catastral número 15038A032013810000FQ).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 2.3) SEGREGACION DE FINCAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U018/000001

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000195 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 23/02/2023, por MARCOS CABREJO LOPEZ, no que presenta modificado do proxecto de segregación que obtivo licenza na Xunta de Goberno Local de 4/01/2022 e realizado por Javier Nogueiras Mascarenhas, arquitecto Colexiado nº 927 do COAG.

A modificación presentase por mor da alteración catastral durante a tramitación do expediente que obtivo licenza.

Segundo o proxecto presentado a parcela obxecto de segregación forma parte da concentración parcelaria de San Vicente de Duio que conta con acordo de resolución firme de data 24/02/1976:

Nº. REFERENCIA CATASTRAL	DENOMINACIÓN CONCENTRACIÓN PARCELARIA	SUPERFICIE SEGUNTO PROXECTO (M2)
15038A502022280000DH	420, 425-1, 425-2	9.112,00

A parcela da fronte a estrada de titularidade municipal con código 103 do Inventario de Bens que obra neste concello e camiño recollido na parcelación de San Vicente de Duio.

Visto o informe técnico favorable emitido o día 16/03/2023, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que non existe inconviniente para o modificado da licenza concedida, pois as parcelas resultantes cumpren coas ordenanzas e normativa que lles é de aplicación. Á vista da modificación solicitada non son necesarios novos informes sectoriais.

En base ao artigo 24.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, será necesario ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, que se corresponde cunha superficie de 31,00 m2.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Modificar a licenza concedida a MARCOS CABREJO LÓPEZ, para proceder á segregación da parcela con referencia catastral número 15038A502022280000DH, cunha superficie total de 9.112 m<sup>2</sup>, que se localiza no lugar de Ermedesuxo de Abaixo deste termo municipal, en 4 parcelas resultantes tal e como de seguido se indica:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL (M2)	SUPERFICIE SOLO NRHT (M2)	SUPERFICIE SOLO RUSTICO (M2)	SUPERFICIE CESIÓN CONCELLO (M2)
PARCELA 1	932,00	932,00	0,00	31,00
PARCELA 2	567,00	567,00	0,00	
PARCELA 3	721,00	721,00	0,00	
PARCELA 4	6.861,00	0,00	6.861,00	0,00
TOTAL	9.112,00	2.251,00	6.861,00	31,00

2º) Comunicar a MARCOS CABREJO LOPEZ, a obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro Inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, polo que deberá proceder a declarar as diferenzas advertidas entre o proxecto de segregación e a recollida na información catastral subministrada. Todo iso de conformidade cos artigos 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro (Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 4 de marzo).

3) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

### 3º) ASUNTOS VARIOS

#### 3.1) COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

##### A) EXPEDIENTE: 2022/U019/000020

Visto o escrito presentado co número 2022/999/00000857 do RTE deste Concello, de data 19/10/2022, por Xoan Bautista Alborés Tajés, en representación de EMMA MARIA PEREZ DOMINGUEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de HOTEL 2 ESTRELAS, con referencia catastral número 8609126MH7580N0001PT.

CONSIDERANDO: Que co número 2023/999/00000047 do RTE deste Concello, de data 10/01/2023, Xoan Bautista Alborés Tajés, aporta documentación complementaria.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que o pasado 23/03/2023, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable, do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por EMMA MARIA PEREZ DOMINGUEZ, para realizar a actividade de "HOTEL 2 ESTRELAS" e referencia catastral número 8609126MH7580N0001PT.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

### 3.2) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

#### TERRAZAS

A) EXPEDIENTE: 2022/V013/000004

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000273 (RTE), de data 7/04/2022, por Remo Feudi, no que peticiona autorización para ocupar a vía pública da Praza da Constitución, con mesas e cadeiras para dar servizo ao café bar que rexenta nesa zona, durante a tempada de 2022.

CONSIDERANDO: Que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, con data 3/05/2022 emite informe de subsanación, do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/020000377 (RTS) de data 12/05/2022, dirixese oficio a Remo Feudi, ao que se lle achega o informe técnico de 3/05/2022.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/000/00000956 (RE), de data 31/05/2022, Remo Feudi, contesta ao requirimento e achega proxecto realizado polo arquitecto Técnico e Enxeñeiro da Edificación José J. Baliña Romero, colexiado 849 do COAT de A Coruña.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, con data 7/07/2022 emite informe de subsanación, do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/020000550 (RTS) de data 11/07/2022, dirixese oficio a Remo Feudi, ao que se lle achega o informe técnico de 7/07/2022.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/000/00001512 (RE), de data 2/08/2022, Remo Feudi, contesta ao requirimento e achega a documentación solicitada.

CONSIDERANDO: Que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, con data 17/08/2022 emite informe de subsanación, do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/020000743 (RTS) de data 7/09/2022, dirixese oficio a Remo Feudi, ao que se lle achega o informe técnico de 17/08/2022.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/000/00001934 (RE), de data 22/09/2022, Remo Feudi, contesta ao requirimento e achega a documentación solicitada.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/020000551 (RTS) de data 11/07/2022, dirixese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de cultura, Educación e Universidade, solicitando o correspondente informe sectorial.

RESULTANDO: Que con data 8/02/2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolver autorizar a instalación da terraza do Bar Tiro, sita na Praza da Constitución desta vila.

RESULTANDO: Que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, con data 13/03/2023, emite informe favorable.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/06/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Remo Feudi, e autorizar a ocupación de 21 m<sup>2</sup> da vía pública (6x3,5) na Praza da Constitución, con 6 mesas e 24 cadeiras, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/03 ao 30/10/2022 (ámbolos dous incluídos) condicionada a:

- Como proteccións laterais colocarse unha corda delimitadora do espazo.
- Como requisito de integrabilidade ambiental na contorna, aceptárase o emprego de materiais de madeira tratada, plástico cun tratamento, deseño e cualidade acorde cun ámbito cultural, ferro, aceiro e aluminio mate sen, en ningún caso, brillos, para evitar a perturbación de escintileos e destelos. En ningún caso se aceptará o aluminio sen





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

tratamento mate nin tampouco plásticos básicos sen elaboración por razóns estéticas que desmerezan a dignidade do contorno.

- Respecto das proteccións laterais da terraza, son elementos engadidos que poden xerar impacto visual. Data a súa obrigatoriedade pola normativa do Concello de Fisterra, procurase que este elementos se integren na contorna e sexan o máis sinxelos posible e de cores neutras. Por iso semellan axeitadas as proteccións laterais de postes de madeira e cordas.

- As antucas ou parasois serán de quitar e poñer, facilmente desmontable, textís, elixindo a cor entre os tons brancos, beixe ocres claros ou grises claras. Garantírase o tránsito normal de peóns e accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida, Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia.

- A colocación de mesas e cadeiras terá un carácter provisional e nun horario propio da actividade á que sirvan. Por tal motivo serán recollidas e almacenadas nun lugar que non impida e deturpe a apreciación desde o espazo público nin a do propio conxunto edificado, polo que non poderán ser autorizadas se non existen garantías para unha almacenaxe axeitada.

- Así mesmo, a súa disposición farase de xeito ordenado e sistemático, coherente co espazo público dispoñible en proporción á fronte dos locais e distribuídas de forma homoxénea e coas folgoras suficientes para o seu normal funcionamento sen perturbar o uso da vía pública.

- A instalacións das terrazas e o seu uso e funcionamento deberán garantir as axeitadas condicións de ornato público, polo que ademais das cuestións de material, deseño, colocación e orde das mesmas deberá evitarse a instalación de elementos complementarios como paneis, atrás, pósteres ou elementos que perturben ou dificulten a visión de conxunto e o tránsito normal.

- Os elementos das terrazas non conterán publicidade segundo se establece no art. 16.1.b da Ordenanza municipal reguladora das terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais (publicada no BOP da Coruña núm. 154 do 14/08/2012). E os extremos das patas irán provistos de gomas ou neoprenos para minimizar o ruído de arrastre destas, segundo o art. 16.2.b) da antedita Ordenanza municipal.

- Poderanse colocar antucas ou parasois puntuais de quitar e poñer, facilmente desmontables, textís, elixindo unha soa cor entre os tons brancos, beige, ocres claras ou verdes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3.3) SUBVENCIONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS**

EXPEDIENTE: 2023/A003/000021



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Vista a Resolución do 9/02/2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes, para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, publicada no DOG número 33 do 16/02/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Solicitar subvención ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes, para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, (código do procedemento TU503D), para o proxecto denominado "Actuacións de mellora e embelecemento de infraestruturas turísticas situados no camiño de Santiago ao seu paso pola Praia de Langosteira", cun orzamento total de trinta e tres mil oitenta e un euros e noventa e catro céntimos (33.081,94 €) IVE incluído, aceptando expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras desas subvencións, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

2º) Que as actuacións obxecto da solicitude de subvención non estaban iniciadas na data de 1/01/2023.

3º) Que para os efectos do disposto no artigo 2.6 das bases reguladoras destas subvencións, esta entidade ten dispoñibilidade sobre os terreos e inmobles en que se van desenvolver as actuacións que garanta a permanencia da actuación subvencionada.

### 3.4) TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI

A) EXPEDIENTE: 2023/X999/000061

Vista a solicitude presentada co número 2023/999/00000221 (RTE) de data 6/03/2023, por parte de Roberto Salvador Canosa Domínguez, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de taxi nº 6 que actualmente explota Carlos Insua Lobelos.

Visto que no expediente consta informe favorable emitido pola secretaría accidental con data 15/03/2023.

Visto que no expediente consta informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 17/03/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Autorizar a transmisión de licenza de taxi número 6 a favor de Roberto Salvador Canosa Domínguez, coas mesmas características que a licenza orixinaria.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

TRANSMITINTE	
APELIDOS E NOME	INSUA LOBELOS, CARLOS
NIF	
DOMICILIO FISCAL	

ADQUIRINTE	
APELIDOS E NOME	CANOSA DOMINGUEZ, Roberto Salvador
NIF	
DOMICILIO FISCAL	

2º) Comunicar este acordo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para que de conformidade co artigo 17, en relación co artigo 19 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se practique a correspondente anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes.

3º) Notificar este acordo ao transmitinte e ao adquirinte, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/X999/000063

Vista a solicitude presentada co número 2023/999/00000236 (RTE) de data 9/03/2023, por parte de Cándido Insua Canosa, no que solicita a transmisión da licenza de taxi nº 8, que actualmente explota, a favor de Jesús Manuel Agulleiro Santabaya.

Visto que no expediente consta informe favorable emitido pola secretaría accidental con data 15/03/2023.

Visto que no expediente consta informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 20/03/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Autorizar a transmisión de licenza de taxi número 6 a favor de Jesús Manuel Agulleiro Santabaya, coas mesmas características que a licenza orixinaria.

TRANSMITINTE	
APELIDOS E NOME	INSUA CANOSA, CANDIDO
NIF	
DOMICILIO FISCAL	



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

ADQUIRINTE	
APELIDOS E NOME	AGULLEIRO SANTABAYA, Jesús Manuel
NIF	
DOMICILIO FISCAL	

2º) Comunicar este acordo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para que de conformidade co artigo 17, en relación co artigo 19 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se practique a correspondente anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes.

3º) Notificar este acordo ao transmitinte e ao adquirinte, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 3.5) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000540 (RE) de 14/03/2023, por D. T. V., no que solicita unha axuda económica para afrontar os traslados á cidade da Coruña para asistir a consultas médicas.

Visto o informe de data 16/03/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a D. T. V., unha axuda económica de trescentos euros (300,00 €), para afrontar os traslados á cidade da Coruña para asistir a consultas médicas.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000614 (RE) de 22/03/2023, por F. J. V. B., no que solicita unha axuda económica para sufragar a prótese dentaria que precisa.

Visto o informe de data 23/03/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a F. J. V B., unha axuda económica de trescentos euros (300,00 €), para sufragar parte dos gastos da compra dunha prótese dentaria.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

### 3.6) SOLICITUDES DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe emitido por Montserrat Outes Velay, traballadora social do concello de Fisterra, do que se desprende que G. C. F.T., para que se dea de baixa no SAG municipal do Concello de Fisterra e indica que esta decisión foi acordada coa directora de Aspandex.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa a G. C. F.T., no Servizo de Axuda no Fogar deste concello.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

### 3.7) TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000538 (RE) de 14/03/2023, por F. M. V. C., no que solicita a expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade (001/23).

Visto o informe de data 14/03/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da renovación da tarxeta de estacionamento ata o 6/03/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a F. M. V. C., a tarxeta de estacionamento (001/232), por ser persoa con problemas de mobilidade, ata o vindeiro 6/03/2026.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:40 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.